

galicia obreira



25 de Xulio 1978 - 25 Ptas.

25 DE XULIO

DIA NACIONAL GALEGO



contido

- Editorial, 3
- Crónica política, 4
- Sindicalismo galego,
por Muruzábal, 7
- Plan de emerxencia, 8
- Comic, 10
- Dos nenos prós nenos, 11
- Primeiro encontro pedagóxico, 11
- Teatro galego independente:
¿existen solucións?, 12
- Libros, 14
- Algunhas reflexións encol da
múseca galega, 15

ESPECIAL AUTONOMIA: CUADERNILLO ESPECIAL

- Recuperar o noso pasado.
Reivindicar unha nación.
- De momento moitos problemas e
poucas solucións.
- A preautonomía, un primeiro paso.
- A autonomía que queremos.
- Un programa de solucións
urxentes.
- Prás eleccións ó Parlamento Galego
precisamos eleccións.

Dep. Legal: C-380-1977.

Edita: P.T.G.



curros enríquez • LIBROS
Cánovas del Castillo, 22- VIGO ☎ 212975

Editorial

Polo que se coñece de momento, a celebración do 25 de Xulio como o Día Nacional Galego, baixo o bon signo da unidade, vai conquistar unha participación popular realmente masiva.

As doce da mañán, na Plaza do Obradoiro, está anunciada unha concentración onde falarán todos os partidos e centrais sindicais convocantes, e onde se pretende tamén que a Xunta lea un comunicado elaborado por estes.

Pra pola tarde prepárase unha festa, onde os diferentes partidos instalarán os típicos "tenderetes".

Esta celebración coa demanda dun Estatuto Nacional e Progresista, é especialmente importante porque aberto xa o proceso autonómico, Galicia, xunto coas outras nacionalidades históricas —Catalunya e Euzkadi— poderá, unha vez aprobada a Constitución, e sin máis preámbulos, acceder ó pleno exercicio das prerrogativas autonómicas.

O labor de prepara-lo texto estatutario aparece pois como inmediato. E mester que á hora de redatalo Estatuto de Autonomía cóntese coa participación activa de tódalas forzas políticas con incidencia en Galicia, para garante de que éste reflexará as aspiracións populares.

A unidade acadada pra este 25 de Xulio sentará sin dúbida, precedente para esa outra unidade que é necesario manter cara a un Estatuto Nacional e Progresista que sirva para "Erguer Galicia".

galicia
obreira

- DEBATE CONSTITUCIONAL
- 25 DE XULIO. DÍA DA NACIÓN GALEGA
- AXIÑA O ESTATUTG
- INICIATIVAS A APOIAR
- A CRISE AMENAZA
- REIVINDICANDO A CASTELAO...



DEBATE CONSTITUCIONAL

Nestos días e con grande celeridade estase debatindo nas Cortes o anteproxecto de Constitución. Unha vez aprobado por ámbas Cámaras, Congreso e Senado, será presentado a Referéndum por parte do Goberno, pra que o pobo déalle o seu respaldo definitivo.

Pola importancia que ten a Constitución, xa que contén os principios básicos que teñen de regular a vida dos cidadáns dentro do Estado Español, considerémola súa discusión como o feito político de máis relevancia na actualidade. De tódolos xeitos é ben certo que a discusión do anteproxecto non abrangou ó pobo, impedindo todo tipo de participación popular na súa elaboración, de tal xeito que moitos poideran pensar que é un tema que non lles afecta para nada, que é cousa de políticos, ou calquer outro pensamento deste estilo. Este é o resultado da política de consenso, que levou a que artigo por artigo a Constitución "cocérase" nos pasillos, sin que aparecesen claramente diferen-

das as distintas posicións dos partidos políticos. Mercede a esta política, os partidos de esquerda, sin apoio popular para sacar adiante as súas propostas, obrigáronse a ter que ceder sistematicamente fronte á dereita.

Un rápido repaso dos artigos que deica hoxe foron aprobados no Congreso, amosa, ó noso entender, que o proxecto constitucional configura ó Estado español como un Estado democrático, sendo éste un importante paso cara a garantizala convivencia democrática de tódolos cidadáns e pobos de España. Especialmente importante, do aprobado até agora, é o do dereito de autonomía pra as nacionalidades e rexións, a cooficialidade das lingoas nacionais, o recoñecemento dos partidos políticos como instrumento fundamental pra participación política, o recoñecemento dos sindicatos, a constitucionalización da maioría de idade ós 18 anos, a abolición da pena de morte, e outros, que tamén van na liña de consolidación das liberdades democráticas. Asim mesmo, o art. 16 que garantiza a asistencia do abogado dende o intre da detención e o dereito á liberdade e á seguridade, o art. 19, onde se contempla o control par-

lamentario dos medios de comunicación do Estado, o art. 21 onde se reconece o dereito de asociación... o art. 26, que establece o libre dereito de sindicación e folga, o art. 33, que declara o dereito ó traballo e prohíbe a discriminación por razóns de sexo..., considerámoslos positivos en canto satisfacen, no esencial, as aspiracións democráticas dos pobos de España.

O carón desta valoración positiva no seu conxunto, debemos situar aspectos negativos e enmendas progresistas que non prosperaron; así, o establecemento da monarquía parlamentaria como forma de Estado, sin previa consulta popular, a derrota da enmenda socialista que defendía a non confesionalidade do Estado, a aprobación das 72 horas de detención preventiva, a autorización á autoridade gubernativa pra decidir encol das manifestacións e reunións en lugares de tránsito público, etc., etc.

En todo caso, a política de consenso está sendo un continuo freno pra que prosperen as enmendas que xustamente se lle fan ó actual proxecto; resultados como a maioría de idade e a abolición da pena de morte, deixa en evi-

dencia esta política de consenso, cando demostra que, froito das pretensións populares, é posíbel facer ceder á dereita nos debates e conquistar enmendadas progresistas.

25 DE XULLO. DIA DA NACION GALEGA

Este día ten unha peculiaridade, é que ademais dos convocantes (UCD, PSOE, PCG, PTG, POG, PPG, e PGSD), apoian a celebración unitaria do día da nación galega, MCG e LCR, namentras o BN-PG que sigue na teima de conservala súa identidade polo sectarismo, manifestarase **contra da autonomía (!)**. Tamén o PSG, está disposto a ir en solitario este día.

Acádase así, a maior unidade hoxe posíbel pra esta convocatoria, superando con moito a celebración doutros anos.

Axiña o Estatuto

A consigna de "Estatuto Nacional e Progresista" adquire tódolo seu significado se temos en conta que segundo establece a Constitución, cando ésta sexa aprobada, o Estatuto, de estar elaborado, podería tomar xa rango legal.

A mesma Constitución recolle que a Asamblea Galega de Parlamentarios é a que terá no seu momento de dalo "placet" ó texto estatutario, antes da súa negociación co poder central e do posterior refrendo popular.

Diante desta situación, o Sr. Rosón eisí reflexóuno á prensa, invitóu a tódalas forzas políticas e sociais galegas a entregaren antes do 30 de Setembro, á Xunta de Galicia, as aportacións que estimen comenentes prá redacción do



25 Xulio do 77: Este ano acadouse máis unidade

texto definitivo. Un paso positivo se non é pra quedarse no consultivo e póiñense os medios pra que a participación popular sexa real.

INICIATIVAS A APOIAR

Non podemos, eiquí, deixarmos de referir a toda unha serie de actividades que grupos de profesionais están a promover. Feitos como o da celebración das I Xornadas de Pesca e Marisqueo, as I Xornadas da Sanidade Galega ou a invitación de CIES, respaldada por 30 colexios profesionais prá elaboración democrática dun Plan Directorio de Ordeación do Territorio considerámolas como outamente positivas pra facer da autonomía un instrumento útil pra escomenzar a solucionar os graves problemas que planean sobor de Galicia.

A CRISE AMENAZA

Estamos asistindo nos derradei-


ros tempos a unha patente agudización das mobilizacións obreiras, Pesko, Megasa, Bein, Ascón, son algúns dos nomes dunha enumeración que non é mester sexa exhaustiva. Non obstante destaca, como manifestación máis escandalosa dunha crise que non atopa fondo, a situación ferrolán. Ferrol, cidade que basea a súa actividade económica na pedra angular da Construción Naval, é, diante da crítica coiuntura que estase a dar no sector, escenario de mobilizacións dunha ampletude pouco común que abranguen dende a clase obreira a todos aqueles outros sectores cidadáns (pequenos e medianos comerciantes, e industriais) prós que o paro de milleiros de traballadores suporía a ruina.

A forte sensibilización popular preparóu o terreo pró pouco usual espectáculo —até agora— de ver á UCD convocando mobilizacións xunto co PCG e o PSOE, dende a Coordinadora de Forzas Políticas. O programa desta Coordinadora contén puntos valedeiros o que fai aínda máis paradótico que, se do que se trata é de levalos adiante, se peche o orgaismo a forzas que

Pasa a pax. 9

SINDICALISMO GALEGO

PERSPECTIVAS PRO FUTURO



A poucos días da celebración do 25 de Xullo como **día da Nación Galega**, cícáis sexa oportuno plantexarse a situación sindical que estamos a vivir, a incidencia política dos distintos sindicatos e o desenrolo vindeiro da súa actividade.

E ben certo que a política que o grande capital español ven adoptando pra "solucionar" a crise económica pola que atravesamos, afonda máis a Galicia no subdesenrolo e a dependencia. A materialización do modelo económico que estase a seguir supón: inversións en grandes empresas de tecnoloxía moi avanzada, con grande capital inmovilizado e pouca man de obra, reestruturación de sectores en-

teiros, ben para facelos máis competitivos ou ben para dirixir a inversión a outros sectores que lles produzan máis beneficios, así como a penetración dos monopolios no campo, no sector servicios, no comercio... que competindo coa Pequena e Mediana Empresa (PYME) polo mercado interno, aceleran a ruina destas. Deste xeito a reestruturación do sector naval está sendo unha verdadeira catástrofe nacional e os expedientes de crise multiplícanse nos sectores máis afectados como a construción civil, textil, etc., namentras constrúese a Alúmina en San Ciprián, non se prohibe a ubicación da Central Nuclear en Xove e siquese coa Autopista do

Atlántico, a pesares da resistencia popular; feitos todos que condicionan o futuro ceibe da nosa nación tentando de tracexar un camiño irreversible no noso desenrolo económico, favorable, claro está, ós intereses monopolistas do grande capital español.

Agora, co proceso aberto en Galicia pola preautonomía e tendo en conta ademais que unha vez aprobada a Constitución, a nosa Nación Galega poderá disfrutar xa de autonomía, pesa sobor de tódalas forzas políticas democráticas e sindicatos de clase, a responsabilidade histórica de salvar a Galicia da situación que padece, impedindo feitos irreversíbeis como os que antes apuntábase, e uníndose para a elaboración e defensa dun estatuto de autonomía nacional e progresista.

Pero ben, vaimos á custión sindical. En primeiro lugar, as eleccións sindicais marcaron de xeito bastante claro, ó meu entender, cá é a correlación de forzas entre os sindicatos, a súa influencia por ramas de produción e por zonas xeográficas. Unha descripción "aséptica" demostraría que CC.OO. obtivo maioría, cunha considerábel ventaxa sobor de UXT, namentras USO quedaba por debaixo da ING e CSUT, éstos dous bastante parellos ó mesmo tempo moi alonxados de CC.OO. e UXT. Doutra banda a "especialidade galega" dos sindicatos de rama (SGS, SGTE...) tivo nos seus ámetos respectivos notábel influencia e constituíen hoxe un bocado apetitoso para as centrais, principalmente pra CC.OO. En definitiva, a correlación de forzas favorece claramente ó reformismo, de tal xeito que CC.OO. e UXT contan coa meirande parte dos traballadores baixo a súa influencia. O mesmo tempo, a incidencia, **tomada no seu conxunto**, do resto das centrais (ING, CSUT e USO) é aínda capaz de provocaren importantes mobilizacións e mesmo de trastocala situación e cambaala, en certa medida. En definitiva, unha alianza estábel en todo o ámbito galego, destas tres centrais sindicais constituiría un serio peligro pra os plans gubernamentais e

pró asentamento do reformismo seno da clase obreira galega.

En segundo lugar, toda a actividade reivindicativa vai vir condicionada o ano que ven e os próximos anos, pola lei de negociación colectiva que vaise aprobar. Esta lei supón o fomento de **convenios colectivos de ámeto estatal**, que serve perfectamente ós intereses monopolistas equiparando as condicións de traballo e salario, co fin de facerse con todo o mercado da rama de que se trate, ó traveso do desfondamento das empresas máis febles, que non poderán manter uns niveis de salarios **proporcionalmente** superiores en relación coa produción das empresas máis grandes. Tamén o convenio estatal é un marco menos propicio á conflictividade laboral, dificultando o control dun organismo negociador estatal polos obreiros de tódalas nacións do Estado e favorecendo a posibilidade do pacto social. Doutra banda ó traveso de mecanismos restrictivos que dificulten a realización de convenios nacionais e provinciais, e pola esixencia da representación do 5% pra negociar a nivel estatal, tratarase de marxinar ós sindicatos nacionalistas e á CSUT, contando co apoio interesado de CC.OO. e UXT.

Esto, volta a situar como unha necesidade práctica ineludible, a configuración dun bloque anti-hexemónico que abranguería á ING, CSUT, USO, e sindicatos galegos de rama, que confluírían sobor de dosu eixos fundamentais: necesidade de entrar a negociar os convenios estatais, e que tales convenios negóciense sobor da base do que hoxe representan as ordenanzas laborais, necesitadas por outra banda, dun reaxuste ás novas condicións de legalidade democrática. En terceiro lugar, ao tempo que se traballa pola formación dese bloque, pola súa definición teórico-política e o seu programa, hai que valorar por forza que é mester unha actitude non-sectaria na práctica sindical, que seña capaz de influir nas bases do reformismo, que non se incapacite para recoller o traballo feito enfrentándose, por principio, ós afiliados das centrais CC.OO. e UXT, e que seña **capaz** de levar unha práctica sistemática orientada á masa de traballadores que están baixo a influencia destas dúas centrais. A clave para esto vai estar

sen dúbida, na unidade de acción; sin a que é imposible na maioría dos casos acadar mobilizacións amplexas de masas.

A forza real, a capacidade mobilizadora e de solucións deste bloque e a súa actividade independente, serían

os **argumentos de peso** sen os que dificilmente poseríase atraer a naide á unidade de acción.

Esta actividade esencialmente política de demanda da unidade de acción será cada día máis rentábel, cando os traballadores vexan que a cambeo dos

20, 27 DE XUÑO

UNHA OPINION NON TAN PARTICULAR


O problema dos expedentes de crise e a defensa do posto do traballo ven sendo nos derradeiros días o centro da actividade sindical galega. Númerosos casos de suspensión de pagos, reestruturación de plantillas e despedidos, ó longo da nosa xeografía, son o resultado do "saneamento económico" abordado polo grande capital español, namentras que as famosas contrapartidas do Pacto do Moncloa non se ven por ningún lugar.

O problema creado en "Ascón", con tódalas súas consecuencias, sigue sendo un aguillón clavado no mundo do traballo, motivo de loitas solidarias e creador de conciencia cidadán. Urxe en Galicia unha resposta unitaria de todo o pobo traballador contra esta clase de inxusticias, por un posto de traballo e unha saída á crise favorábel ós traballadores. As centrais sindicais correspóndelles orgaizar esa unidade, facilitando a acción masiva, solidaria e efectiva de toda a clase obreira, que vive nestes intres amenazada pola perda dos seus únicos medios de subsistencia. "¡Hoxe por tí, pra que mañán non me toque a min!", ten de ser o sentimento que nos una.

Endebén, moitos son os intereses que dificultan esta unidade.

Deste xeito, e a pesares de que no Congreso galego de CC.OO. quedóu patente o ánimo dos afiliados en facer algo polo de "Ascón" e polos expedentes de crise en xeral, a dirección "cumplíu" coa convocatoria do día 20 de Xuño, que sin contar pra nada coas demais centrais sindicais rematou nun absoluto fracaso de mobilización.

Pola outra banda o intento cando menos infantil —é unha opinión— e **sempre sectario**, da "xornada de loita" convocada no día 27 de Xuño pola ING, axuda a queimar posibilidades, a ganar fracasos e desesperar ós traballadores que somentes ven exclusivismo e protagonismo de cada sindi-



cato onde quixeran ver defensa real dos intereses da clase.

Verdadeiramente demenciais son —xa noutro orden de cousas— as xustificacións que a dirección da ING deu ó esperado fracaso da convocatoria, acusando de boicot —na "jerga" acostumada—, ás propias centrais españolistas". Pero pensamos que apesares da propia inflación de **manifestantes** que caracteriza as convocatorias da ING, éstos sumaban 13.000, sempre asegún os seus datos, namentras asegún outros medios sindicais non sobrepasaban os 4.000 en toda Galicia. Si temos que mirar consecuencias e sacar conclusións, decidimos que tamén as cifras dos tendenciosos medios informativos "oficiais" estaban máis dacordo coa realidade que as dos dirixentes da Intersindical Nacional Galega.

¿A ónde nos leva todo esto?

Todo o traballo que se faga por acadar a máxima unidade posible, por rachar co estreito couto da firma particular, chámese CC.OO., ING, etc., vai ser rentábel por forza. Todo traballo —digo—, a nivel teórico, a nivel práctico e concreto, a grandes extensións e a pequenas leiras, absolutamente calquer traballo neste senso, ten de ser apreciado porque ten, precisamente, un valor especial no mundo en que vivimos.

MANUEL ROMERO SANTAMARIÑA



PLAN DE EMERXENCIA

Concluída a concentración Santiago Alvarez, do PCG, afirmaba que "esta vai tragar repercusións políticas" e Rafael Pillado que "o resultado é un éxito da política de consenso", namentras Andrés Eguibar, deputado do PSOE pola Coruña, decía que "neste momento non hai consenso, e si nós non estamos dacordo coas medidas que se vaian a tomar, está claro que diremos que non".

En definitiva cada grupo pretende sacar as conclusións que lles interesa e, cicais, sexa a UCD o que fale máis claro cando expresa con claridade que deste xeito estase demostrado que Ferrol non é un pobo conflictivo, mercede —claro está— á política de consenso.

O noso Partido estima que apesares dos intereses individuais de grupo —mal disimulados— meramente electorais, a manifestación foi moi positiva e o pobo de Ferrol demostrou a súa capacidade mobilizadora, o seu entusiasmo e unidade, que ben merece a comprensión e **solidaridade** de toda Galicia.

O noso Partido, apesares de verse excluído da Coordinadora de forzas políticas, convocou con miles de carteis a esta manifestación, repartindo 10.000 octavillas en man, invitando a tódolos ferroláns a asistir á manifestación e explicando o seu carácter. Decenas de pancartas sinalaban a nosa presenza activa en tan importante acto. Pensamos que ningún partido serio e responsábel pode autotitularse artífice desta mobilización e esiximos, en beneficio do que **todos** defendemos e dunha unidade máis ampla e sin fisuras, unha coordinadora aberta e unitaria PRA SALVAR FERROL E A SUA BISBARRA.

Arredor de vinte mil personas manifestáronse o día 10 polas rúas do Ferrol en demanda dun posto de traballo na Terra e de solucións ó grave problema creado en toda a bisbarra como consecuencia da crise da construción naval.

Na Plaza de Armas desta cidade, con promesas de solución por parte dos representantes dos partidos UCD, PSOE e PCG, rematou un proceso de mobilización popular, baseado no sentimento angurioso da necesidade de salvar Ferrol e a súa bisbarra.

Un proceso, non obstante, que non foi do gusto de todos, xa que dende un principio había por parte dos organizadores do acto un intento deliberado de excluir a outras forzas representativas con importante incidencia nas clases traballadoras, entre as que se atopa o noso partido e a CSUT; todo isto baixo o pretendido tido de que só deberían estar os partidos parlamentarios (UCD, PSOE e "PCG").

¿Por qué?

En definitiva, ¿cál é o verdadeiro interese desta concentración?

Arturo Otero, da UCD, falaba de que Ferrol non é un pobo conflictivo, **como algúns pensan**, senón que cando se lle da representatividade é un pobo exemplar (!).

Celso Montero, militante do PSOE, e delegado da Xunta de Galicia no acto, facía fincapé en que a Xunta non conta con medios económicos, nin competencias pra solucionar o problema pero "un dolor profundo oblíganos a estar ó voso lado porque o problema de Ferrol e, cicais, o máis dramático que ten Galicia".

→ sacrificios que se lles pediron non obteñen ningún beneficio, namentras se lles siguen pedindo novos sacrificios.

Escoller, deste xeito, un camiño axeitado para avanzar, tendo en conta que nas actuais condicións non podemos esperar saltos revolucionarios ou cambios substanciais na correlación de forzas; sería tamén totalmente necesario para que a práctica deste bloque sindical anti-hexemónico poidera ser eficaz.


¿Qué posibilidades ten a formación dun bloque destas características? Parece-me que este interrogante non pode ser contestado en corto tempo. Hai sen dúbida elementos de confluencia dabondo pero, tamén é verdade que as diferencias ideolóxicas e os distintos métodos de actuación sindical, constituíen unha difícil barreira para chegar á unidade práctica que sería necesario acadar pra formación do devandito bloque.

Os esaxerados datos da xornada do día 27 de xuño, dados pola ING, que fala de 50.000 mobilizados dalgún xeito, e onde se critica ás centrais españolistas, sen exclusión, é unha demostración do difícil que se presenta esta posibilidade.

En todo caso, a propea vida vai poñer ó orden do día esta necesidade de tal xeito que os que dende hoxe traballen xa por ela, "xogan, cando menos, con ventaxa".



AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA.
ONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA.



- recuperar o noso pasado. reivindicar unha nación
- de momento moitos problemas e poucas solucións
- a preautonomía un primeiro paso
- a autonomía que nos queremos
que é?
como se financia?
- un programa de solucións urxentes



recuperá-lo noso pasado. revindicar unha nación

O 28 de xunio de 1936 celébrase en Galicia o plebiscito encol do Estatuto de Autonomía. O resultado por provincias sería o seguinte:

	SI	NON	En blanco	%
A CRUÑA	369.123	1.665	225	81
LUGO	200.536	1.876	575	71
OURENSE	179.363	1.661	342	70
PONTEVEDRA	242.454	959	311	72
TOTAL	991.476	6.161	1.453	


O resultado xeral de toda Galicia sería:

CENSO ELECTORAL	1.343.135
N.º DE VOTANTES	1.000.963
ELECTORES QUE VOTARON SI	991.476
ELECTORES QUE BOTARON NON	6.161
ELCTORES QUE VOTARON EN BLANCO	1.453
PORCENTAXE DE VOTANTES	74,53%
PORCENTAXE DE ABSTENCION	25,47%
PORCENTAXE A FAVOR DO ESTATUTO EN GALICIA	73,97%

Esto amosaba sen dúbida, as arelas autonomistas do noso pobo, e a súa concencia como tal.

Recuperar hoxe a autonomía pró noso pobo é camiñar na conquista dos nosos dereitos nacionais, é poñerse en marcha até conquistar decidir libremente o noso futuro, até acadar o dereito á autodeterminación.

de momento
moitos problemas
e poucas solucións




O secular subdesenvolvemento da nosa terra, a súa dependencia económica, o esmorecemento de sectores básicos da nosa economía coma o campo e a pesca vese agravado nestes intreiros pola crise económica que fai tambalear sectores productivos coma a construción naval que dan traballo a miles de familias.

As inversións económicas que se fan en vez de potenciar a nosa riqueza natural, e industrializar axeitadamente completando os ciclos productivos, contaminan a nosa terra e crean poucos postos de traballo.

¡En Xove queren construír unha central nuclear que costa 100.000 millóns

AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA.

**AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTO
UTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMI**



de pesetas e vai emplear a 250 traballadores cualificados!

Galicia sigue mandando pra fora máis do 40% da enerxía eléctrica que produce e moitos dos seus pobos aínda non teñen luz.


Coa metade do que costa construír a nuclear de Xove (50.000 millóns de pesetas) poderíanse amañar 50.000 vivendas rurais, xenerando esta actividade 60.000 postos de traballo na construción civil.

Os emigrantes voltan pra acá sin que haxa postos de traballo, e o paro medra...

AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA.
AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA.

de España
democrática
en marcha
autónomo
inter-

a preautonomía un primeiro paso




**AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA.
AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA.**

V
A


de España
democrática
en marcha
autónomo
inter-

Despóis das Eleccións do 15 de Xunio Galicia e os outros pobos de España seguiron loitando con moita forza pola súa autonomía. A recién nacida democracia non contaba cunha Constitución que sancionara legalmente e puxera en marcha as autonomías, había que facerlle concesións ó potente clamor popular autonomista dalgún xeito até que estivera aprobada a Constitución. Esta solución intermedia foron os rexímenes preautonómicos: A XUNTA DE GALICIA.



AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA.

AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA.



A Xunta de Galicia respostou ós resultados electorais do 15 de xuño e a UCD, o Partido do Goberno en Madride, formou o Pregoberno Galego.

As nulas competencias que incapacitan á Xunta pra resolver algúns dos problemas máis urxentes de Galicia e os chaparróns lanzados por "INTERVIU" a Rosón, racháronlle as muletas á xa coxa preautonomía, quen sin capacidade real pra gobernar anque soio seña un pouquiño a nosa casa, parece que soio sirve pra facernos discutir ós galegos pola capital de Galicia á que trasladar catro despachos burocráticos de Madride pra que todo siga igual.

Si a Xunta de Galicia quere sela ponte pola que pasemos os galegos do centralismo do franquismo á Autonomía, é claro que non lle queda máis remedio que poñerse do lado das aspiracións do conxunto do pobo galego, e moi espe-


**AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONO,
NOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA.**

cialmente dos seus sectores maioritarios: as clases traballadoras, labregos e mariñeiros e a pequena e mediana empresa, comprometéndose activamente en empezar a solucionar algún dos problemas máis graves, ou cando menos en neutralizalos e impedir que sigan medrando hasta convertirse cáseque en irremediábeis: Central Nuclear de Xove, Reordenación do Territorio, etc.

Ademáis a Xunta debe potenciar a participación das forzas políticas, sociais e das institucións especializadas na elaboración do Estatuto de Autonomía.

Ou a Xunta busca a muleta colocándose decididamente do lado de Galicia ou cada día que pase estará máis coxa, e o que é aínda máis grave, a autonomía prós ollos dos galegos quedarase no baile típico e na bandeira e non nos instrumentos políticos de autogoberno capaces de dar solución os nosos problemas.

a autonomía que nos queremos



Do máis descarado centralismo, no que o simple feito de *abrir a boca en galego supuña atender contra a "Unidade da Patria" e era motivo de persecución e cadea, pasamos a disfrutar dunha democracia dificilmente conquistada. Nesta situación, os que nunca quixeron oír falar de democracia e dereitos nacionais durante os derradeiros 40 anos da nosa historia, pónense hoxe a pescar no río revolto colgando da súa cana un cebo: a AUTONOMIA.

Todos queremos a Autonomía pero o que ten que estar claro é que non todos queremos a mesma autonomía, nin prós mesmos fins.

AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA.

que é ?

Non podemos confundir a Autonomía cunha simple descentralización administrativa. Neste caso o único que fai o Estado é trasvasar a Galicia certas competencias administrativas, de xestión, namentras que o poder real de decisión política queda nas mans do Estado centralista. A autonomía, pola contra, supón unha cesión de capacidade política a Galicia de xeito que os galegos poidamos autogobernarnos soios en todas aquelas materias que quedan dentro da nosa competencia, podendo tomar nós decisións e executalas con independencia do Goberno central. En definitiva a Autonomía é a capacidade de Galicia pra buscar e darlle solucións axeitadas ós problemas que nos son propios, xa que somos os galegos quen nos ó fin e ó cabo os cargamos ó lombo.

AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA.

Nós non queremos unha Autonomía de gaita e pandeiro, que non sirva en realidade pra nada, senón uns organismos autonómicos, con competencias e atribucións políticas e económicas dabondo pra que os galegos poidamos mandar na nosa propea casa.

Esto supón cando menos dúas cousas:

- Deixar claro o que lle corresponde ó Goberno central e o que nos corresponde a nós.
- Dotar a Galicia dunha auténtica capacidade económica (financieira) pra que os plans que se fagan non queden nos papeis dos despachos e poidanse levar adiante na práctica.

A "dedocracia" é algo que os galegos coñecemos moi ben. Non soio porque perante moitos anos, o úneco que escollimos, e pra eso non de todo, era cara ónde tiñamos que emigrar, senón tamén porque é o sistema que aínda hoxe empregan os caciques, tan vencellados á política da nosa terra como os toxos ós nosos montes.

Os órganos de goberno galego non poden vir xa que logo pola vía da "dedocracia" xa que disque con esa vía rematamos o 15 de xunio.

Tódolos galegos temos que ir ás urnas pra escoller co noso voto o que ten que sela ASAMBLEA GALEGA (O Parlamento).

A Asamblea Galega será o órgano máximo de representación dos galegos, e estará encargada de facer as leises encol das materias que lle correspondan a Galicia.

A Asamblea Galega escollerá ó Presidente de Galicia e controlará a súa xestión e a do Goberno Galego. E o Goberno Galego será o executor do lexislado.

como se financia?

Xa describimos cáles son, ó noso entender, os organismos capaces de garantir a autonomía da nosa terra, pero ¿con qué medios económicos poderíase contar pra poder levar adiante unha política de goberno eficaz para Galicia?


Sin unha financiación forte a Autonomía somentes serve, na realidade, pra colgar unha bandeira no balcón, pero nunca pra adeministralos nosos recursos e empezar a erguer Galicia.

O PTG entende que os fondos económicos que fan falla pra poder desenrolar este labor deberían obterse dos impostos sobor dos bens e patrimonios da nosa nación, cunha política fiscal destiñada a gravar a quen máis ten.

Doutra banda sería necesario orientar tódolos fondos pertencentes ás Caixas de Aforros de Galicia pra invertilos exclusivamente na nosa terra, todo elo mediante a intervención democrática do Goberno Galego na economía da nosa nación.

AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA

un programa de solucións urxentes



Que a economía deste país anda polo chan, sabémolo todos; que os grandes capitalistas andan ó seu e que non lles importa que Galicia se afonde cada vez máis, tamén.

A Autonomía que propón o PTG ten que servir pra rescatalo que é noso: cultura, fala, costumes..., e pra facer de Galicia unha terra na que os galegos poidamos traballar e vivir como a xente.

Queremos erguer Galicia e a Autonomía ten que facerlle frente ó problema da crise cun plan de solucións xustas e realistas.

- Hai que manter as condicións de vida do pobo abordando os problemas do paro, os niveis salariais e a inflación.
- Axudar á Pequena e Mediana Empresa, sobor de todo á da Construción e do textil.
- Pular a agricultura, a pesca e a mineiría.


Facer unha industrialización axeitada os nosos recursos.

Poner en marcha un plan para a construción naval.

- Reordenar o territorio democráticamente.

En definitiva aproveitar a nosa riqueza en beneficio de Galicia e en xusta solidariedade cos outros pobos de España.

AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA.
AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA. AUTONOMIA.



prás eleccións
ó parlamento
galego
precisamos
unidade


Unha vez que esteña elaborado o Estatuto de Autonomía, e éste seña aceptado polo poder central, e refrendado polo pobo galego, haberá unhas eleccións en Galicia e para Galicia.

O PTG pensa que non hai que cruzarse de brazos. Xa cambemos entre todos moitas cousas —non hai máis que mirar pra atrás— e imos cambiar moitas máis.

Hai que traballar xa hoxe pra que as eleccións á **Asamblea Galega** non señan un soño e tamén pra que as forzas obreiras e nacionais vaiamos a elas unidas nun verdadeiro Frente Democrático e Nacional Galego.

As esquerdas queremos erguer Galicia e pra acadalo temos que unirnos; do contrario a dereita aproveitarase da nosa división e coma sempre mangoneará a nosa terra.

A unidade das forzas democráticas e nacionais é o garante de que coa Autonomía pódese empezar a erguer Galicia.



**PRA
ERGUER
GALICIA**

como o PTG teñen presentado alternativas tanto pró sector como pró conxunto da economía galega. O PTG, úneco partido que pediu a entrada na Coordinadora, expresou o seu apoio ás mobilizacións, remarcando a necesidade de facer realidade o que no papel non pasa de bós desexos.

As actitudes interesadas das que falamos fan dudar da magnitude do compromiso das forzas que integran a Coordinadora. O certo é que se ben estas mobilizacións locais teñen un valor innegábel, a solución o problema somentes virá por implicar mediante a presión popular ás institucións na posta en práctica de alternativas globais.

REIVINDICANDO A CASTELAO...

Rematóu nestes días o, xa longo proceso de constitución, do que déuse en chamar Partido Galego. A nova formación, fruto da fusión do PPG e o PGSD, tentará ocupalo espacio desa burguesía autóctona con intreses galegos. Polo de agora nas súas declaracións de principios refírese, decotío, ás arelas de recoller a antorcha no seu día ergueita polo Partido Galeguista de Bóveda e Castelao. O certo é que adoptar unha actitude consequentemente nacionalista abriría ó novo partido un amplo eido de



primeiras xornadas de pesca de baixura e marisqueo galegas

ORGAIZA:

ccmm, cnt, csut-sum, spg, ugi, uso, utcmer

APOIA:

lcr, mcg, pcg, pgsd, pog, psg, psoe, pte



actuación.

Como dato significativo hai que sinalar que creouse en México, tamén nestes días, o Partido Galeguista, de plantexamentos semellantes. Non sería extraño que ámbalas dúas formacións escomenzaran un vreiro de converxencia

última hora

Detido o Segredario Xeral do P.T.E.

Cando xa tiñamos pechada a redación desta "Galicia Obreira" especial, chegounos a noticia da detención en Andalucía do noso segredario xeral, Eladio Garcia Castro.


A detención segundo os medios de comunicación oficiais viña motivada pola actuación do P.T.A. (Federación Andaluza do P.T.E.) de intentar "desestabilizar" a democracia, promovendo a ocupación de fincas non cultivadas en Andalucía.

¡Nada máis lonxe da realidade! Si alguén é desestabilizador da democracia é o Goberno por non tomar medidas pra resolver a grave crise pola que atravesamos Andalucía.



O noso Partido baixo o lema "Defendemos Andalucía, poderes para la Junta", apoiou decididamente as xornadas de loita convocadas pola S.A.T. da C.S.U.T. pra darlle á crise económica unha saída xusta e favorábel ós intereses do pobo andaluz.

Poñerse á cabeza das demandas populares esixindo que señan trasferidas á Junta de Andalucía as competencias necesarias pra facerlle frente ós graves problemas económicos, é obriga dun Partido obreiro e democrático.

Prohibir os actos e deter ó segredario xeral do PTE é unha actuación antidemocrática coa que se tenta impedir o apoio do pobo andaluz á Junta de Andalucía.



"A REFORMA FISCAL"



VAGALUME

PUBLICACIÓN INFANTIL E JUVENIL

17 de maio

DÍA

DES

LETRAS

GALEGAS

DOS NENOS PROS NENOS

SEMANS atrás leíamos na prensa "Vagalume en perigo", a única revista infantil feita en galego prós nosos nenos afrontaba o risco de desaparecer por falla de cartos. ¿Qué representa "Vagalume" na cultura galega?

Pra Fortes Bouzán, actual director, o obxectivo é "abrirle ós nenos o mundo do galego". Segundo declarou a GALICIA OBREIRA "cando me plantexéi xunto con Pexegueiro, Manuel Rodríguez e o resto do Consello de Redacción como tiña de ser a revista, non me plantexéi que os maiores fixe-

ran unha revista prós nenos, senon que foran eles mesmos seus redactores; 85% feito por eles e o 15% por nós". Esta é unha das características máis relevantes da revista que a diferencia claramente doutras moitas. Na revista os nenos comunicáanse entre si en galego, feito de grande importancia cando os textos didácticos aínda non están na nosa lingoa.

A revista incorpora entre as colaboracións dos nenos, artigos sobor da Historia ou Poesía galegas, pezas de teatro galego... que compoñen esa cativa parte feita polos adultos. Pra Fortes a revista ideal sería aquela que tivera un Consello de Redacción composto maioritariamente por nenos. Hoxe está en proxecto abrir unha sección onde os rapaces que estén a rematar EXB mostren as súas vivencias sobor dos diversos aspectos da vida (sexualidade, visión do acontecer político...).

"Vagalume" necesitou estar ó borde da desaparición pra merecer a atención de determinadas institucións. A revista atopouse coa incompreensión de institucións culturais e financeiras... "somentes a Caixa de Aforros de Vigo comprendeu o problema e no derradeiro número que xa non pensábamos sacar, o adicado ó Día das Letras Galegas, adiantóunos cartos pra poder facelo". Agora, parece ser que despóis de laboriosas xestións co Ministerio de Cultura a revista ten asegurada a subsistencia até Nadal.

"Vagalume" ten plantexado o reto de chegar ás 3.000 suscripcións o que garantiría a saída regular. Polo de pronto os nenos, nos intres de meirande perigo, enviaron cartas á redacción ofrecéndose a "facen manifestacións, recoller firmas, ou o que fixera falla pra salvara revista". "Vagalume" merece ese esforzo que ten de ser complementado co apoio da Consellería da Cultura da Xunta.

Os que se queiran suscribir ou poñerse en contacto con "Vagalume" poden escribir ó Apartado de Correos 259 de Pontevedra.

xico.

A inauguración oficial terá lugar o día 1 ás 8 da tarde na Aula de Cultura da Caixa de Aforros de Santiago e a ela están invitadas destacadas personalidades políticas da vida oficial galega: Rosón, Dónega, Rivas Fontán, Celso Montero... dos partidos políticos e Centrais Sindicais.

O Sr. Pais, conselleiro de educación da Xunta de Galicia será o que inaugure oficialmente esta Escola si outras ocupacións non llo impiden.

O longo das xornadas e ó marxen dos currillos haberá: presentacións de libros de actualidade, conferencias, proxeccións, representacións teatrais, festivales de música, títeres, excursións e unha formidable verbena popular galega.

As Conclusións do Encontro no que afectan a Galicia serán presentadas á Xunta de Galicia como unha aportación máis á solución dos grandes males que o ensino ten na nosa nación.

Pra calquer información pódese dirixir a calquer local da CSUT tanto en Galicia como no resto do Estado.



Unha pedagogía nova prá democracia

OS próximos días 1 a 5 de Agosto vai ter lugar en Santiago de Compostela o I Encontro Pedagógico, orgaizado pola Federación de Ensino da CSUT. Encontro que vai reunir estudiosos e ensinantes de tódolos pobos de España interesados nunha nova pedagogía pra esta nova democracia.

O programa que xa de por si preséntase moi atractivo vai contar coa presenza de destacadas personalidades da vida política e cultural galega que durante cinco días impartirán máis de 40 cursiños repartidos en 6 grandes bloques: Preescolar, EGB, Experiencias educa-

tivas, Os profesionais do Ensino e a súa formación, Temas monográficos, Debates educativos, Xuventude.

Asimesmo asistirán conocidas figuras da intelectualidade española como os señores Aizpún, Pedro Navarro, Isidoro Moreno, Severiano Montero, Sacramento Martí, equipos de profesores de Recaldeberri, Río Tinto, Colectivos de Barcelona, e moitos outros que xunidos cos galegos como: Ramón Piñeiro, García Sabell, Díaz Pardo, Río Barxa, David del Prado, etc., van facer desta Escola un verdadeiro encontro do máis elevado nivel pedagó-

PRIMEIRO ENCONTRO PEDAGOGICO



TEATRO GALEGO INDEPENDENTE

EXISTEN SOLUCIONES?

“O teatro popular consiste en deterse a pensar cál é a función do teatro nunha sociedade en transformación, en facer un teatro pra tódolos homes e non só prós privilexiados” (PAOLO GRASSI).

No noso anterior artigo repasábamnos brevemente os problemas do Teatro Galego Independente e, antre outras cuestións decatabámonos de como o Goberno, o Ministerio de Cultura, as Diputacións e os Axuntamentos adoecen dunha política concreta con respecto ó feito teatral, o cal equivale a ignorar a función pública do teatro.

Hoxe, a Xunta de Galicia e en concreto o seu departamento cultural perpetúan esa ignorancia, esa deixadez na que se atopa o teatro galego, a falla dunha declaración programática ou de ouxetivos avala a miña afirmación. Este silencio parece proclamar os catro ventos, ou a ignorancia ou o desinterés por promocionar e desenrolar a nosa cultura o cal tería de sela súa máxima preocupación.

12/GALICIA OBREIRA

Polo que dos grupos se trata, creóuse xa fai algún tempo a Asamblea do Teatro Galego, orgaismo no que están representados a cáseque totalidade dos grupos independentes galegos. O devandito orgaismo, que tanto tempo e traballo esixeu a súa formación, atópase practicamente dende os seus comenzos nun “impase” do que non remata de sair.

Se sopesamos os graves problemas existentes prós que é mester unha saída colectiva lonxe de todo o divismo, individualismo e protagonismo de calquera grupo, se temos en conta a necesidade dun orgaismo recoñecido pra negociar coa Administración, ou con quen haxa lugar, un orgaismo que podería pular campañas de promoción teatral ou afrontar situacións nin moito menos pouco probábeis (caso Els Joglars)... se baraxamos estas cuestións xurde clara a urxencia de que a Asamblea pónase a traballar dende xa.


Gustaríame aproveitar esta oportunidade pra expoñer algunhas das que considero principais reivindicacións do Teatro Galego:

1.º Eliminación de calquera xeito de censura, política, económica, ou estética que coarte a liberdade dos grupos ou individuos; ¡Liberdade de expresión!

2.º Urxente posta en funcionamento da Asamblea do Teatro Galego como lexítima representante do movemento teatral na nosa nación, e único interlocutor válido coa Administración a tódolos niveis (central, nacional e local).

3.º Se o produto teatral é un ben público de cultura e ten de estar en consecuencia, ó alcance de tódala poboación, é mester una sólida política de subvencións por parte dos organismos públicos. Estes fondos serían xestionados democráticamente pola Asamblea do Teatro Galego a tódolos niveis (profesionais, non profesionais, mostras de teatro, etc.) pra que cos ditos fondos millórense as condicións de vida e traballo, promóvase a apertura de salas de teatro, ábranse circuitos de representación, e pú-lense cursiños teatrales e as bases dunha futura escola do Teatro Galego.

4.º Supresión dos trámites burocráticos no vieiro da democratización da sociedade de Autores. Elaboración dunha lexislación teatral democrática coa participación dos interesados.



5.º Libertade de representación en tódolos lugares os salas públicas utilizabeis pra actividade teatral; recuperación de locais en desuso, pertencentes ó Estado ou ás Administracións locais.

Libertade de representación na rúa, en prazas e parques como espacios escénicos naturais. Libertade de representación nas fábricas.

6.º Ensino do teatro na Escola e a Universidade. Espectáculos teatrais nas escolas, institutos e universidades.

Estas medidas, algunhas delas difíciles de conseguir, poderían pular o teatro galego o que non é máis que pulala cultura galega, despois de tantos anos de desculturalización e represións, pra achegar á maioría da poboación do noso país ó espectáculo teatral ★

XEROME CALERO
(membro de grupo Máscara-17
teatro independente-Vigo)

Como xa prometíamos no número anterior, velahí a segunda parte do artigo ¿Qué é o Teatro Galego Independente?

“ANTIFONA DA REDENCION”



de Xavier R. Barrio

A INDA non fai moito vü a luz, na colección de poesía da Reprografía “Alvarellos”, o libro de Rodríguez Barrio, “ANTIFONA DA REDENCION”. Xavier Barrio é, pese á súa idade, un poeta con un certo nome dentro do panorama da poesía galega de hoxendía. Asiduo participante en certámenes litera-

riais, é un notable escritor Anxel Fole. Escomezou achegado de cheo ó romanticismo pra depóis, nun súpeto e atinado xiro, encamiñarse, da mau dese gran poeta que é Arcadio López-Casanova, verdadeiro innovador na poesía galega cos seus “MESTERES”, polo vieiro que agora con éxito transita.

Seguindo os pasos de Arcadio López-Casanova, Xavier Barrio propónse levar adiante unha tarefa poética que supoña un novo enfoque, unha nova xeira dentro das nosas letras, onde campaba ás súas anchas a mediocridá oportunista dos discípulos de C. E. Ferreira e Manuel María. “ANTIFONA DA REDENCION”, é un libro dunha extraordinaria coherencia en sí mesmo. Barrio soupo o que quería dende o principio. Cecais non fose arriscado imaxinar que Rodríguez Barrio “intuía” xa antes de atoparse coa realidade palpable da obra de López-Casanova, polo que depóis siguéu. Emporiso esti-

En “ANTIFONA DA REDENCION”, o plano formal, seguindo as tesis do formalismo ruso, é prioritario sobre o plano conceptual. Poesía da palabra, lograda coa utilización de gran número de recursos literarios encamiñados, aínda a risco de escurecer o concepto, a conquistar o ritmo, a “múseca interior” desexada. Cosmogonías de imáxenes violentas e oníricas, cun predominio da morte, do medo, da noite e dos elementos litúrxicos que acadan un mundo propio, fantasmal e suxerente.

Non cabe dúbida que o traballo de Barrio, conscente e paciente, cal trábalo de artesán, deu os seus froitos. Barrio semella un alquimista das palabras e pensamos que en canto se desprenda dunha innecesaria escuridá —por outra parte buscada—, se ciña máis ó concepto e asuma o feito literario sin protagonismos mal entendidos, será capaz de alcanzar cotas máis outas.

Polo momento ofrécenos este froito acabado e maduro, a súa “ANTIFONIA DA REDENCION”, que siñifica un paso máis no camiño aínda pouco transitado da renovación lírica en Galicia.

“AINDA”

UN PROGRAMA
ECONOMICO
PRA UN
GOBERNO
GALEGO



A próxima elaboración do Estatuto de Autonomía impón novas obrigacións ós que queren abrir un vieiro cara ó autogoberno de Galicia.

O libro “Un Programa Económico pra un Goberno Galego” expón un plan alternativo global á crise económica.

O programa está presidido polo obxectivo de promover a recuperación da economía galega ó traveso do aproveitamento integral dos recursos naturais, humanos e financeiros de Galicia, que teñen de se reinvertiren asegun as necesidades da maioría da poboación. “Deste xeito artéllase un plan de urxencias que aborda as necesidades máis acuciantes e as transformacións máis perentorias dos sectores básicos da nosa economía. Así, inclúese un plan de reforma e desenvolvemento dos sectores agrario, pesqueiro e mineiro, baixo o título de “Reordenación e pulo dos sectores básicos da nosa economía”, e, tamén, abórdanse os problemas da construción naval e a reordenación do territorio.

Un libro así, pode e debe ser un instrumento pró necesario debate encol dun tema tan decisivo pró futuro da nación galega.

POLOS CAMIÑOS DA RENOVACION LIRICA

rios, ten de seu —como unha noitiña previa nos esplanas—, os máis importantes premios, atal o “Castelao”, o “Guimaraes” de Portugal, o “X. M. Chao Ledo”, de Villalba, o “Meigas e Trasgos” de Sarria, etc., en poesía; amáis de ser premiadas narracións i ensaios seus en certámenes tan prestixiosos como “O Facho”, “O Pedrón de Ouro”, por non citar máis que aqueles de meirande relevancia e non caer nunha proluxa enumeración.

Xavier R. Barrio deuse a conocer nas páxinas do xornal “El Progreso” de Lugo, na páxina de artes a letras “Táboa Redonda”, que dirixe o por moitos motivos entra-


mamos que pra Barrio o coñecemento das novas tendencias que López-Casanova introducía en Galicia, foi como unha “revelación” de algo que él levaba latente, que escuramente “presentía”.

Si ben en algúns versos a sombra de Angel González, de Antón Santamarina, etc., sobrepasa o terreo das influencias e sin negar a decisiva aportación de Arcadio López-Casanova no aspecto normal, de quen toma amáis a simboloxía litúrxica, “ANTIFONA DA REDENCION” é unha obra plenamente autónoma, cunha persoalidade propia. Non quixéramos que de análises anteriores se desprendese o contrario.

ALGUNHAS REFLEXIONS

ENCOL DA

MUSECA GALEGA



Coido que este 25 de Xullo, Día da Nación Galega, pode ser a ocasión doada de facer unha composición global da actual situación e expectativas da nosa música.

Nunha primeira aproximación, semella que a música galega atópase nun intre de desenrolo e crecemento, que están a xurdir novos creadores, e estase a dar un proceso de recuperación ou reencontro da nosa identidade musical.

Pro, mirándoo máis despacio, configúrase un panorama ben complexo e onde non todo son aspectos positivos.

Sen dúbida, daquela corrente de canción "de combate" que aparecía como úneca alternativa pra os músicos que pretenderon vencello seu labor cos intereses do pobo, hoxe estanse a desgaxar elementos que se plantexaron a necesidade dun maior cuidado no nivel formal, como medio de comunicarse con ese público que xa non acepta panfletos.

Pro o que non se pode negar e que antre os nosos cantantes máis claramente "políticos" poucos salvaron con éxito esa barreira formal, e os intentos

neste senso adoececeron do fundamental: de inspiración musical. Perfilanse doutra banda uns músicos de intencionalidade menos "ideoloxizada", máis centrados na recuperación e búsqueda dunha linguaxe musical propeamente galega, afondando na nosa tradición musical e nos posibles contactos ou influencias con culturas afines á nosa.

E coido que por este vieiro de preocupación estritamente musical é por onde téñense dado os froitos valedeiros nestes derradeiros tempos.

Ante os primeiros poderíanse citar a Xosé Quintas Canella, Xosé Manuel Conde, Bibiano, etc.

Da outra banda estarían Emiliano Cao, Seoane e Romani, Amancio Prada, etc. Non obstante, penso que pódese prantexar unha obtención, ou cicáis unha mera constatación respecto a todos eles: a xuventude da nosa música. En todos estes traballos nótase unha certa condición de primeiro produto, de inexperiencia ou aínda baixo nivel. Pro quedan xa abertas algunhas portas: a recuperación do noso folclore...

En canto á chamada música "clási-

ca" dase tamén unha certa actividade co mesmo eixo de recuperación da identidade musical galega, neste senso hai que citar ó mestre Roxelio Groba. Está presente unha constante neste tipo de música: o seu aillamento do público. Queda pechada nun corto circuito de distribución.

E penso que eiquí tocamos outro punto de gran importancia na música da actualidade cunha particular influencia na nosa nación. A inexistencia ou precariedade de institucións adicadas á música en tódolos seus niveis.

Escomenzando por unha educación musical que pro noso pobo é mester. A promoción dos estudos estritamente musicais, actualmente en estado desastroso.

A creación dunha estrutura de distribución da música, que permita achegala ó noso pobo.

Istas son algunhas das carencias máis graves da nosa música hoxe, e penso que moitos delas aparecen craramente motivadas, por ese centralismo cultural das dúas grandes urbes: Madri e Barcelona. Por eso, un vieiro pra escomenzar a abordar todas estas necesidades, viría necesariamente pola súa asunción por parte da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

E, principalmente, pola concenciaión do público e os sectores máis directamente achegados á música da nosa nación en torno a estas necesidades i esixencias.

XOAN PEREZ

Do grupo de música galega

OESTRYMIA, DE Vigo

GALICIA OBREIRA/15

MUSECO

ALGUNHA
ENCOL
MUSECO
LEGA



ca...
co...
de...
ida...
so...
pa...
tip...
pu...
ei...
ei...
pu...
da...
-lu...
bis...



nci...
xe...
ci...
ral...
th...
vie...
e...

*Non lle ponades chatas á obra namentras
non se remata. O que pense que vai mal que
traballe n'ela; hay sitio para todos.*

GALICIA OBRREIRA'S

Coido que este 25 de Xullo Día da Nación Galega pode ser a ocasión boada de facer unha composición galega da actual situación e expectativas da nosa música.

Nunha primeira aproximación, semella que a música galega atópase nun intre de deserto e crecemento, que están a xurdir novos creadores e estas a dar un proceso de recuperación ou reencontro da nosa identidade musical.

Pro mirándoos máis despacio, cónfigúrase un panorama ben complexo e onde non todo son aspectos positivos.

Sen dúbida, dapsela coñecida a canción "de combate" que aparece como única alternativa pra os músicos que pretendon vencilalo seu labor cos intereses do pobo, hoxe establense a desgaxar elementos que se plantexaron a necesidade dun maior cuidado no nivel formal, como medio de comunicarse con ese público que xa non acepta partituras.

Pro o que non se pode negar e que ante os nosos cantantes máis claramente "políticos", poucos salvaron con éxito esa barreira formal, e os intereses